

1. Poderán concorrer a este concurso todo tipo de persoas nas seguintes categorías:

*Infantil: inclusive e menores de 11 anos.

*Xuvenil: entre 12 e 17 anos.

*Adultos: a partir de 18 anos. Non hai límite de idade.

2. O tema será libre, con textos en galego. Cada persoa presentará as obras que considere oportunas, non premiadas noutros concursos.

3. Os traballos deberán ser orixinais, tendo unha extensión mínima de dúas páxinas e máxima de catro, a cor ou branco e negro, a técnica será libre e con dimensións de DINA-4, con páxinas numeradas, en formato vertical e sen portadas. As historias han de ser autoconclusivas.

4. A autoría poderá ser individual ou dun equipo debuxante/guionista /colorista... O estilo, tratamento e xénero son libres.

5. Os traballos deberán presentarse por **correo electrónico**, na seguinte dirección: formacion.bibliotecas.vigo@xunta.gal

No **asunto** enunciaremos: **Concurso BD/categoría/título**

Enviaranse dous arquivos: o primeiro é un pdf coas páxinas en formato jpg ou tiff a 300 ppp. Estas páxinas serán denominadas ca **categoría e o título da obra** á que pertencen. Exemplo: (*categoría/título.pdf*). O segundo será un arquivo de texto no que se indicarán os datos das/os participante/s. A saber: Nome e apelidos, idade, dirección, teléfono de contacto e correo electrónico. Será nomeado igual ca categoría e o título da obra á que pertence. Exemplo: (*categoría/título.doc*).

6. O **prazo** de presentación dos traballos será a partir do **15 de abril** e **rematará o 4 de maio ás 23:59h de 2025**.

7. Establécense os seguintes **premios**:

1º Premio categoría Infantil: Diploma e lote de libros relacionados co mundo da banda deseñada.

2º Premio categoría Infantil: Diploma e lote de libros relacionados co mundo da banda deseñada.

1º Premio categoría Xuvenil: Diploma e lote de libros relacionados co mundo da banda deseñada.

2º Premio categoría Xuvenil: Diploma e lote de libros relacionados co mundo da banda deseñada.

1º Premio categoría Adultos: Diploma e lote de libros relacionados co mundo da banda deseñada.

2º Premio categoría Adultos: Diploma e lote de libros relacionados co mundo da banda deseñada.

8. Ademais dos premios, o xurado poderá reservarse o dereito de facer mencións especiais respecto daquelas obras que estime como merecedoras delas.

9. O xurado poderá declarar os premios desertos de non haber calidade suficiente. O xurado estará composto por artistas do mundo da banda deseñada.

10. Así mesmo, cos traballos premiados realizarase unha **exposición** nas propias instalacións da biblioteca.

11. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases. Os casos non previstos serán resoltos a criterio da organización.

12. A **entrega de premios** farase o **sábado 10 de maio** na segunda planta, na sala de audiovisuais.